



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

Anuncio

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria de data 26 de marzo de 2021 acordou o **PROCEDIMENTO DE AUTORIZACIÓN DE USO DOS HORTOS URBANOS DO PARQUE DO RÍO RATO (2ª FASE) MEDIANTE CONCORRENCIA PÚBLICA**, que di literalmente:


PRIMEIRO. Realizar a convocatoria pública de participación para a solicitude de autorización para o uso dos denominados Hortos do Río Rato (2ª fase) mediante concorrencia pública, tendo en conta o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo publicado BOP nº 156 do 9 de xullo de 2020.

SEGUNDO. Aprobar as seguintes cláusulas pola que se rexerá o presente procedemento:

1. Obxecto. Os hortos do Parque do río Rato no Concello de Lugo comprenden as seguintes parcelas catastrais:

27900A531000340000WE / 27900A531000330000WJ / 27900A531000350000WS

Unha vez rematada a 1ª Fase do procedemento de autorizacións de uso dos hortos urbanos do Parque do río Rato por adxudicación directa, quedan libres 95 hortos, que son obxecto desta 2ª Fase do procedemento, e que están numerados como seguen:



| | | | | | | | | | | | | | | | | |
|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|-----|
| 1 | 3 | 16 | 27 | 32 | 36 | 45 | 56 | 64 | 65 | 66 | 67 | 68 | 69 | 70 | 71 | 72 |
| 73 | 74 | 75 | 76 | 77 | 78 | 79 | 80 | 81 | 82 | 83 | 84 | 85 | 86 | 87 | 88 | 89 |
| 90 | 91 | 92 | 93 | 94 | 95 | 96 | 97 | 98 | 99 | 100 | 101 | 102 | 103 | 104 | 105 | 106 |
| 107 | 108 | 109 | 110 | 111 | 112 | 113 | 114 | 115 | 116 | 117 | 118 | 119 | 120 | 121 | 122 | 123 |
| 124 | 125 | 126 | 127 | 128 | 129 | 130 | 131 | 132 | 133 | 134 | 135 | 136 | 137 | 138 | 139 | 140 |
| 141 | 142 | 143 | 144 | 145 | 146 | 147 | 148 | 149 | 150 | | | | | | | |

2. Réxime Xurídico. Principalmente, o contido na lexislación básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; o Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; a lexislación non básica da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; o seu desenvolvemento regulamentario polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto; e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo publicado no BOP nº156 do 9 de xullo de 2020.

Ademais, as partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego de condicións, e a presentación de solicitudes implica a aceptación de todos os seus extremos.

En defecto das citadas normas, serán de aplicación a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e as súas disposicións de desenvolvemento.

3. Destinatarios. Son destinatarios e, no seu caso, beneficiarios da autorización de uso, as persoas ou entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- *“Ser persoa física e maior de idade.*
- *Representante acreditado de asociacións que estean inscritas regulamentariamente no rexistro de Asociacións.*
- *Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello limdeiro figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.*
- *Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.”*

Así mesmo segundo o [apartado 18](#) do Regulamento, non poderán acudir ao procedemento de outorgamento de autorización de uso de horta urbana ecolóxica, as persoas que se atopen nos seguintes casos:

- *“Aqueles que convivan con algunha persoa á cal se lle asignou unha horta. Entendendo que conviven todas aquelas persoas empadroadas nun mesmo domicilio.*
- *Tras verse revocada a autorización de uso da horta a consecuencia da resolución dun expediente sancionador.*
- *Posuír terreos no concello de Lugo con potencialidade de ser cultivados, isto no caso de novas adxudicacións.”*

Poderán concorrer á presente convocatoria por si ou mediante representación, sempre que contén coa plena posesión da súa capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que sinala o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

4. Prazo da autorización demanial. A autorización outorgarase por un prazo de dous anos. Non será transmisíble en ningún caso.

5. Gastos esixibles ao adxudicatario. A autorización outorgarase con carácter gratuíto e non se esixirá a constitución de garantía.

6. Forma de presentación das solicitudes de participación. Os interesados presentarán no Rexistro da Deputación Provincial en sobre pechado no que se escribirá na parte exterior “Solicitud de uso do dominio público provincial denominado Hortos Urbanos do Río Rato (Fase 2ª)” (Anexo I).

O prazo para a presentación da solicitude de participación será de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación deste procedemento no BOP.

No sobre incluírase a seguinte documentación de carácter xeral referente aos requisitos ou condicións para ser admitido no procedemento:

A/ Solicitude asinada polo interesado (Anexo I).

B/Fotocopia do DNI ou documento que legalmente o substitúa.

C/ Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro deberán acreditar a representación mediante documento orixinal, copia auténtica, lexitimada ou fotocopia compulsada da escritura do poder do representado, e estar debidamente inscrita no rexistro mercantil (se este requisito fose esixible), certificado da súa representación ou calquera outro documento que acredite esta representación.

D/ Certificado de empadramento do solicitante (ou autorización á Deputación de Lugo para que solicite dito certificado).

E/ Declaración responsable asinada (Anexo II) de non se atopar en causa de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración, e de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social.

F/ Acreditación dos requisitos ou circunstancias indicados na solicitude para a súa valoración no procedemento de concorrencia, se é o caso:

- Acreditación de representante da asociación e estatutos da asociación.
- Acreditación de representante de Centro Educativo ou colectivo de nais e pais.
- Inscripción no Rexistro de Asociacións.
- Vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de desempleado e o período de inscrición.
- Fotocopia da Declaración da Renda do ano 2019 de todos os membros da unidade familiar.
- Fotocopia do libro de familia e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais.
- Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social que acredita a condición de xubilado/a.

7. Mesa de seguimento para a autorización. O órgano de adxudicación estará asistido pola Mesa de seguimento que será o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de outorgamento. A dita Mesa de seguimento estará composta por tres funcionarios da Área de Medio Ambiente.

8. Cualificación previa da documentación administrativa. Examinada pola Mesa esta documentación, determinarase se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos na presente convocatoria.

A Mesa requirirá ao interesado que non autorizou a esta Deputación Provincial para solicitar o certificado de empadramento ou os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, para que presente a seguinte documentación no prazo de 10 días hábiles, que poderá ser expedida por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos:

a) Obrigas Tributarias.

- Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.
- Certificación positiva, expedida pola Administración Tributaria da Xunta de Galicia, xustificativa da inexistencia coa Administración Autonómica de débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente desta Deputación polo que acredite non ter débedas en período executivo con esta.

b) Obrigas coa Seguridade Social. Certificación positiva, expedida pola Tesouraría Territorial da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

c) Outra documentación. Calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar coas Administracións Públicas e/ou de calquera outra circunstancia que lle reclame o órgano competente.

De non se cumprimentar axeitadamente este requirimento, entenderase que o solicitante desistiu na súa solicitude.

9. Valoración das solicitudes admitidas. No procedemento para a autorización de uso dos hortos urbanos do Parque do río Rato (2ª Fase), no caso de que o número de solicitudes admitidas supere ao número de hortos, establécese un procedemento de concorrencia no cal se valorarán aspectos de carácter social, mediante os que se establecerá unha orde de asignación das autorizacións de uso dos hortos. En todo caso, só se outorgará un horto por unidade familiar.

No procedemento de concorrencia, a puntuación máxima que un solicitante poderá acadar será de **9 puntos**, distribuídos do seguinte xeito:

En caso de solicitude a título individual:

1. Ser parado/a de longa duración e demostralo coa presentación dunha vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego correspondente, na que acredite a condición de desempleado e o período de inscrición. (máximo 4 puntos):

- Desempleado/a de longa duración + de 24 meses (incluído) (4 puntos).
- Desempleado/a longa duración entre 12 (incluído) e 24 meses (3 puntos).
- Desempleado/a duración inferior a 12 meses (2 puntos).

2. Ter unha renda per cápita anual que non supere ao 100% do IPREM acreditando esta situación cunha fotocopia da Declaración da Renda do ano 2019 de todos os membros da unidade familiar.

- a) Renda per cápita anual inferior ao 75% do IPREM (2 puntos).
- b) Renda per cápita anual entre o 75% e o 100% (incluído) do IPREM (1 punto).

3. Ter unha familia numerosa, condición que se acreditará mediante fotocopia do libro de familia, e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais. (máximo 2 puntos):

- Familias con máis de 3 descendentes (incluído) (2 puntos).
- Familias con 3 descendentes (1 punto).

4. As persoas xubiladas, presentando o certificado que acredita esta condición (1 punto).

En caso de solicitude como representante de Asociación ou colectivo:

5. Ser representante dunha asociación sen ánimo de lucro que actúe no campo de persoas con discapacidade, en risco de exclusión social, con colectivos vinculados ao medio ambiente... e que solicite ese horto para o colectivo da Asociación. O outorgamento de hortos para as asociacións vinculadas a persoas con dificultades de mobilidade, estará limitado ao número de hortos adaptados existentes. (5 puntos).

6. Ser representante de Centros educativos (Director ou representante legal) ou representante de Asociacións de Nais e Pais (Presidente ou representante legal) de centros educativos. (4 puntos).

No caso de solicitudes como representante de Asociación ou colectivo:

- Os solicitantes deberán acreditar a súa función dentro dos devanditos colectivos e aportar, segundo o recollido no "REGULAMENTO DAS HORTAS URBANAS ECOLÓXICAS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO", a acreditación de ser representante da asociación, entidade ou centro escolar; así como as escrituras da asociación e a Inscripción no Rexistro de Asociacións correspondente.
- Ao ser limitados os espazos adaptados existentes, no caso de empate a puntos realizarase un desempate mediante un sorteo.

10. Publicación de listaxe provisional. A Mesa de seguimento examinará os requisitos e circunstancias de cada unha das solicitudes admitidas no procedemento e, unha vez feito o baremo das solicitudes no caso ser necesario, publicarase unha listaxe provisional dos solicitantes coa puntuación acadada, que incluírá, no seu caso, unha listaxe de reserva, na que se incluírá, por orde de puntuación, os solicitantes admitidos que non acadan horto.

Esta listaxe estará a disposición dos interesados no taboleiro de anuncios da Deputación de Lugo, na web da Deputación de Lugo e no Servizo de Medio Ambiente, e exporase durante un prazo de 5 días hábiles, durante o cal se poderán presentar as alegacións que se consideren.

11. Publicación da listaxe definitiva e asignación de horto. Unha vez resoltas as alegacións, publicaranse nos mesmos medios a listaxe definitiva de solicitantes admitidos para a asignación de horto e a listaxe de reservas.

No caso de producirse algún empate na puntuación de cada unha das solicitudes, resolverase a adxudicación de uso do horto mediante sorteo.

No caso de existir máis solicitudes que hortos, as solicitudes que non acadasen unha puntuación suficiente segundo o baremo para ser incluídas na listaxe anterior, formarán parte da listaxe de reserva por orde de puntuación. Esta listaxe estará numerada e a disposición dos solicitantes dos hortos, e terá unha validez de 2 anos.

A asignación individualizada de cada horto realizarase ao chou, entre os solicitantes admitidos, correspondendo un horto para cada solicitante admitido pola Mesa e por unidade familiar, nun acto público que se celebrará nas dependencias provinciais situadas na rúa San Marcos, 8 de Lugo, ás 10:00 horas do primeiro xoves do terceiro mes seguinte ao da publicación no BOP da presente convocatoria.

12. Proposta de outorgamento. Unha vez publicada a listaxe definitiva de admitidos e de reserva, e unha vez efectuado o sorteo público, a Mesa fará unha proposta de outorgamento ao órgano competente no que se indique individualmente o horto asignado a cada interesado. Dita proposta non crea dereito ningún a favor do solicitante proposto. O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á autorización, renunciar ao seu outorgamento por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación ou das reguladoras do presente procedemento.

Cando o órgano competente non resolva segundo a proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión.

O outorgamento da presente autorización de uso notificarase aos candidatos e procederase a asinar o documento administrativo de autorización de uso do dominio público.

13. Xurisdición Competente. As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos destas cláusulas serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta transmisión de titularidade someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

14. Consello de hortas. Segundo o establecido no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas e, a efectos de realizar o seguimento da xestión das hortas, co fin de acreditar a conformidade das labores realizadas polos usuarios ao establecido no Regulamento e na demais normativa que poida resultar de aplicación, e sen prexuízo das responsabilidades que poidan recaer sobre os adxudicatarios das hortas, deberase constituír un Consello de hortas, atendendo ás disposicións recollidas no Regulamento.

15. Consideracións de carácter ambiental. As diferentes cláusulas ou puntos, de carácter medioambiental, que os usuarios deberán respectar e ter en conta, baséanse de xeito xeral no recollido nos apartados “XIII. Dereitos”, “XIV. Prohibicións”, “XV. Obrigas” e “XVI. Normas ambientais”, reflectidos no Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

Mais polo miúdo:

“XIII. Dereitos

36.- Os adxudicatarios das hortas terán dereito a traballala parcela adxudicada e a desfrutar dos seus produtos.

XIV. Prohibicións

37.- As hortas dedicaranse única e exclusivamente a horta familiar, cultivándose só especies para o consumo humano, en consecuencia, non poderán ser destinados a outras finalidades, quedando expresamente prohibido:

a) O cultivo de plantas degradantes do solo.

b) O cultivo de plantas psicotrópicas e/ou prohibidas pola Lei, así como aquelas declaradas como invasoras pola Administración.

c) Modificar a estrutura da parcela.

d) A realización de ningún tipo de obra e, en concreto, a instalación de calquera cerramento ou separación, churrasqueiras, táboas fixas ou bancos, nin levantar ou instalar espantallos, casetas, galpóns ou edificacións de calquera tipo, xa sexan con materiais artificiais ou naturais, nin a construción ou instalación de novos elementos ou modificación dos existentes, sen autorización da Excm. Deputación de Lugo.

e) O cultivo de árbores, arbustos e cultivos permanentes. Os cultivos de plantas anuais non terán limitación de altura.

f) Usar a horta como depósito ou almacén de materiais ou mobiliario.

g) A comercialización, pola forma que sexa, dos produtos obtidos no cultivo da horta.

h) A acumulación ou abandono de calquera material alleo á función da horta susceptible de alterar a estética do lugar.

i) Alterar os camiños aos terreos colindantes coas hortas.

j) Exceder os límites marcados de cada unha das hortas. Mover os marcos que delimitan os hortos. Ao usuario obrígaselle a executar o seu traballo dentro dos límites do horto adxudicado, sen exceder a súa actividade máis alá dos límites establecidos da horto.

k) Instalar galiñeiros e/ou gaiolas para a cría ou tenencia de calquera animal, así como a presenza de animais na horta.

l) A construción de pozos.

m) Queimar os restos xerados na horta ou realizar algún tipo de lume.

n) Lanzar os restos xerados na horta ou restos de desbroces e limpeza a outras hortas ou solares e non separar correctamente os residuos xerados para a súa posterior reciclaxe.

o) A cesión, préstamo ou arrendamento da horta a un terceiro. No caso de compartir o coidado do horto con algunha persoa deberá informarse en tempo e forma a Deputación de Lugo, sobre este particular.

p) Deixar a horta sen traballar. Neste caso de imposibilidade temporal, o adxudicatario deberá xustificala debidamente ante o técnico das hortas. De non ser así, procederá a revogación da autorización.

q) Circular polo interior do recinto da hortas con vehículo de motor, sen prexuízo da posibilidade de utilizar ferramentas agrícolas de motor.

r) Calquera outro uso que non estando previsto anteriormente e produza molestias, malos olores, limite o uso e satisfacción do resto de usuarios das hortas ou afecten ao entorno do lugar.

s) Como se cita mais adiante estará totalmente prohibido o uso de material fitosanitario ou o uso de produtos para o control de pragas e enfermidades que non sexan aprobados pola Servizo de Medio Ambiente.

XV. Obrigas

38.- Os compromisos adquiridos polo adxudicatarios son:

a) Os adxudicatarios están obrigados a facer uso das hortas persoalmente.

b) Os adxudicatarios comprométense a seguir as indicacións que lles dean os técnicos da responsables de coordinar a actividade, colaborar na forma asignada no mantemento das instalacións, mantemento do orde e asegurar o bo funcionamento das hortas.

c) Os adxudicatarios haberán de manter o entorno das súas parcelas en perfecto estado, limpo e libre de todo tipo de herbas e plantas espontáneas, así como facer uso axeitado dos espazos comúns.

d) Cada adxudicatario poderá empregar a súa propia ferramenta manual para o cultivo da horta asignada. A administración en ningún caso se fará responsable das roturas, extravío ou desaparición das ferramentas propias de cada usuario.

e) A Deputación de Lugo porá a disposición dos usuarios dos hortos de ferramenta para o traballo nos hortos, esa ferramenta será utilizada e almacenado segundo as directrices dos responsables da Administración.

No caso dalgún tipo de maquinaria como motocultor etc... o seu uso será compartido seguindo as directrices da Administración.

f) Ao finalizar o período de cesión das hortas, cada participante deberá deixar a súa horta e espazo na caseta, limpas e baleiras, de non ser así non se lles devolverá a fianza.

e) Os adxudicatarios comprométense a reparar ou repoñer aqueles bens ou utensilios que resulten danados, derrubados ou extraviados polo uso inapropiado dos mesmos.

g) A Excm. Deputación de Lugo no se fará responsable dos roubos ou actos vandálicos que poidan afectar ás hortas.

h) Os dereitos de uso da horta non poderán ser en ningún caso, obxecto de transmisión a terceiros.

XVI. Normas ambientais

39.- Non se poden utilizar produtos de limpeza ou outros que contaminen o terreo. O cultivo da horta farase de xeito respectuoso co medio ambiente seguindo os manexos da agricultura ecolóxica, estando expresamente prohibido o uso de produtos herbicidas, praguicidas e abonos químicos, a excepción dos permitidos na produción ecolóxica.

40.- Os adxudicatarios comprométense a respectar as normas da agricultura ecolóxica, especialmente as relativas ao aforro de auga usando a instalación de rego por goteo, o emprego de fertilizantes orgánicos e o uso de produtos respectuosos có medio ambiente."

Lugo, 29 de marzo de 2021 .- O PRESIDENTE, José Tomé Roca. A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DAS HORTAS URBANAS DO PARQUE DO RÍO RATOL DENOMINADO RTAS URBANAS DO PARQUE DO RÍO RATO (2ª FASE)

Nome: _____ Apelidos: _____

D.N.I: _____ Domicilio: _____

Teléfono: _____ E-mail: _____

En representación de: _____

Ante a Excma. Deputación de Lugo comparece e DI que:

1. Solicita a autorización de uso dunha horta urbana no Parque do Río Rato.
2. Cumpre cos requisitos esixidos nas cláusulas do procedemento de autorizacións de uso das hortas urbanas do Parque do río Rato (2ª fase).
3. Está inscrito no Padrón Municipal do Concello: _____
4. Non posúe terreos no Concello de Lugo con potencialidade de ser cultivados.
5. É representante da Asociación, colectivo ou entidade: _____
6. En relación ao procedemento de concorrencia, manifesta que:

Está en situación de desemprego.

Ten unha renda per cápita anual que non supera o 100% do IPREM.

É familia numerosa.

Ten a condición de xubilado/a.

7. Aporta a seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I. ou documento que legalmente o substitúa.
- Declaración responsable asinada (Anexo II).
- Certificado de empadramento (no caso de non achegalo, autoriza a súa solicitude á Deputación de Lugo).
- Acreditación de ser representante da asociación e estatutos da Asociación.
- Acreditación de representante de Centro Educativo ou colectivo de nais e pais.
- Inscripción no Rexistro de Asociacións.

- Certificación positiva expedida pola Tesouraría Territorial da Seguridade Social de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar na obriga de presentalas.
- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.
- Certificación positiva expedida pola Administración tributaria da Xunta de Galicia xustificativa da inexistencia de débedas de natureza tributaria en período executivo.
- Certificación administrativa expedida polo órgano competente desta Deputación polo que se acredite non ter débedas en período executivo con esta.
- Vida laboral actualizada e Certificado da Oficina do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de desempregado e o período de inscrición.
- Fotocopia da Declaración da Renda do ano 2019 de todos os membros da unidade familiar ou, no seu defecto, autorización para a consulta destes datos en Facenda.
- Fotocopia do libro de familia, e a documentación complementaria necesaria en caso de supostos especiais.
- Certificado do Instituto Nacional da Seguridade Social que acredita a condición de xubilado/a.

Lugo, a _____, de _____ de 2021

Asdo.:

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web seguinte:

http://deputacionlugo.gal/rexistro_actividades_tratamento/actividades_educacion

| INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS | |
|---|---|
| RESPONSABLE | Deputación de Lugo |
| ÁREA RESPONSABLE | Medio Ambiente |
| FINALIDADE | Xestionar e comunicar actividades educativas e formativas organizadas pola Deputación de Lugo |
| LEXITIMACIÓN | RGPD: 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia |
| DESTINATARIOS | A propia Administración |
| DEREITOS | Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade dos datos |
| PROCEDENCIA | O propio interesado ou o seu representante legal |

ILMO. SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con DNI _____, enderezo a efectos de notificación, _____, e teléfono _____, na miña condición de interesado / representante de _____ con CIF _____ e enderezo social en _____.

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE :**A persoa física ou xurídica:**

1. Non se atopa incurso nas prohibicións de contratar ás que se refire o artigo 71 da LCSP.
2. Está ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes e non ter débedas coa Excm. Deputación Provincial de Lugo (artigo 13 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas).
3. Atópase na situación que fundamenta a concesión da subvención ou na que concorren as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.
4. Comprométese a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento de autorización de uso de dominio público, e a comunicar calquera variación nas mesmas, de conformidade co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
5. Autorízase á Deputación Provincial de Lugo para que solicite, se é o caso, o certificado de empadramento; así como os certificados de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Axencia Tributaria de Galicia, á Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Servizo de Recadación Provincial.

E para que conste ante a Deputación Provincial, asino esta declaración no lugar e data indicados.

Lugo, a _____, de _____ de 2021

Asdo.: